

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2005 COMUNICADO

Forte crecemento dos prezos das importacións en decembro de 2005.

O índice de prezos das exportacións creceu un 3,3% en decembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 3,3% en decembro de 2005 con respecto a decembro de 2004. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada igualmente un crecemento do 3,3%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios creceron un 3,3% e un 4,3% respectivamente; pola contra, os prezos dos bens de equipo decreceron un 3,0%.

O índice de prezos das importacións creceu un 12,9% en decembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 12,9% en decembro de 2005 con respecto a decembro de 2004. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións creceron un 12,8%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 8,0%, os bens de equipo creceron un 10,9% e os bens intermedios creceron un 15,0%.


Índices de valor unitario. Decembro 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	98,3	3,3%	0,8%
Importacións/introduccións	109,4	12,9%	4,4%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	98,8	3,3%	0,7%
Importacións/introduccións	107,1	12,8%	4,5%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 1994.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es